

# ESTADÍA DE VERÁN NO REINO UNIDO 2018

**DATA TOPE PARA A PREINSCRICIÓN: 20 de febreiro de 2018**

## **TRÁTASE DE ...**

Ofrecer aos alumnos/as de 12 anos en diante a oportunidade de asistir a un curso de verán de 21 días de duración en Peterborough (Inglaterra).

Durante o mesmo, os estudantes conviven cunha familia inglesa e reciben formación específica nesta lingua.

Complétase isto cun programa de actividades de ocio e lecer que favorece a integración e uso do Inglés no seu contexto real.

Andaina valorará as preinscricións no relativo á madurez a nivel evolutivo, e á traxectoria nos aspectos actitudinais e condutuais de cada alumno/a de cara a admitir a súa participación no programa.

## **OBXECTIVOS**

**Utilizar** a lingua inglesa en contextos reais e con persoas coas que non comparten lingua materna.

**Potenciar** as competencias lingüísticas en lingua inglesa.

**Convivir** nun contorno familiar anglófono: compoñente lingüística e compoñente cultural (apertura a outras formas de vida e costumes).

**Fomentar** a conciencia do Inglés como lingua franca internacional.

**Aumentar** a motivación cara ao estudo e aprendizaxe da lingua inglesa (vivir a súa “realidade” e utilidade).

**Adquirir** experiencias que fomenten a madurez persoal.

## **FICHA TÉCNICA**

**Saída:** prevista para finais de xuño.

**Regreso:** previsto para a primeira quincena de xullo.

**Destino:** Peterborough. Este de Inglaterra. A unha hora de Londres e a 40 min. de Cambridge.

**Acompañantes:**

Ata 15 alumnos: 1 mestre de Andaina.

**Institución que acolle:** World School Language.

## **CURSO DE INGLÉS**

Proba de nivel previa para personalizar a programación didáctica do grupo e o proceso de ensino cos estudantes.

Posibilidade de grupos internacionais (compartidos con alumnos/as de outros países que viaxen no mesmo momento que eles/as).

**14 días ou 21 días:** 32 h no caso de estadía de 14 días ou 52 horas de clases no caso de 21 días.

Sesións de luns a venres entre 09:00 e 18:00 h con xornadas de mañá ou tarde (pequeno descanso intermedio).

Metodoloxía comunicativa. Diploma acreditativo do curso.

## **PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Múltiples actividades de inmersión que facilitan a adquisición de competencias a nivel cultural e lingüístico.

Programadas de acordo as indicacións do mestre/a de Andaina que acompañe ao grupo e realizadas polos profesores ingleses co seguimento ou participación do profesorado de Andaina.

## **ESTANCIA EN FAMILIA INGLESA**

Familias seleccionadas tendo en conta tanto o perfil de cada alumno/a (personalidade, gustos, afeccións, alerxias...) e as súas preferencias (na medida do posible), como os perfís das familias de acollida participantes no programa. Podedes elixir entre aloxamento con compañeiros/as do colexio e aloxamento con alumnado doutras nacionalidades (a segunda opción é máis rica a nivel lingüístico, pero debe valorarse madurez, personalidade, competencia lingüística...).

Cada familia acolle: ou 2 estudantes de Andaina + 2 estudantes doutra lingua ou ben 1 estudante de Andaina + 3 estudantes doutras linguas.

As combinacións finais dependerán da posibilidade de dar resposta a todos/as, e en calquera caso, comunicaranse previamente. Existe posibilidade de cambio en caso de dificultade de adaptación, conflitos...

A familia ofrece aloxamento e manutención. Os alumnos/as conviven coa familia, asistindo diariamente ao seu programa de actividades e pasando os domingos integramente no contorno familiar integrándose nos seus hábitos e costumes.

Manutención: comparten almorzo e cea coa familia e levan a comida para compartir este momento cos seus compañeiros de actividades (*sandwich*, froita, barra de cereais ou chocolate, iogur, patacas fritidas...).

## **CONTACTO CO VOSO FILLO/A**

Teléfono móbil do mestre/a acompañante de Andaina permanentemente conectado.

Teléfono da Institución que acolle e programa as actividades.

Teléfono/correo electrónico da familia de acollida.

De telo, teléfono móbil do voso fillo/a, que deberá permanecer desconectado durante tempos de clase e actividades grupais programadas.

## **DOCUMENTACIÓN E EQUIPAXE NECESARIAS**

Pasaporte + autorización paterna (facilitaremos indicacións). Os documentos de identidade deben estar en vigor.

Tarxeta sanitaria europea.

Roupa: roupa e zapatos cómodos para a Escola e as actividades, e zapatillas de casa.

1 bolsa para levar a comida á escola que subministra Andaina.

Un adaptador de corrente se levan aparellos eléctricos (cargador do móbil...).

Cartos: os gastos están todos pagados previamente, poden levar algo de efectivo para picoteo, tomar algo, mercar agasallos... Recoméndase cambiar previamente e levar libras.